

IGUALDADE

DE

XÉNERO

2º ESO

PROGRAMACIÓN XERAL

Índice

I. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	3
II. a) OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA.....	5
b) OBXECTIVOS DA ÁREA	6
III. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	7
IV. ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS	8
a) Temporalización	8
b) Grao mínimo de consecución para superar a materia.....	8
c) Procedementos e instrumentos de avaliación	9
V. CRITERIOS METODOLÓXICOS E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS XERAIS PARA UTILIZAR NA ÁREA.....	15
VI. RECURSOS DIDÁCTICOS.....	15
VII. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.....	16
VIII. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS A ADOPTAR SEGUNDO OS SEUS RESULTADOS.....	17
IX. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E INCLUSIÓN.....	18
X. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.....	18
XI. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	19
XII. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	19
XIV- VERIFICACIÓN DE CUMPRIMENTO CO ESTABLECIDO NO CURRÍCULO (VERIFICACIÓN DE IDONEIDADE).....	21
XV- PROFESORA QUE IMPARTE A MATERIA.....	21

I. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, tanto no artigo 13.3 e 13.4 como nos artigos 30.5 e 30.6, e 31.5 e 31.6, establecía a posibilidade de que a consellería con competencias en materia de educación ofrecía materias de libre configuración autonómica elixibles polos centros docentes no horario establecido de libre configuración. En virtude da citada habilitación normativa ditouse a Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establecía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes.

Co obxecto de seguir incrementando as opcións de elección dos centros docentes, dentro do seu marco de autonomía, e do seu alumnado, ampliouse o número de materias de libre configuración autonómica, de xeito que se adecúen aos proxectos educativos dos centros docentes ao tempo que se desenvolven as competencias clave e os elementos transversais.

A materia de Igualdade de Xénero poderá ofrecerse en primeiro e/ou segundo curso de educación secundaria obrigatoria. O alumnado poderá cursala nun dos cursos segundo a oferta establecida polo centro docente. De acordo co establecido no artigo 3.2 da Orde de 15 de xullo de 2015 esta materia terá unha carga horaria dun período lectivo semanal.

Os requisitos para a oferta das materias polos centros docentes serán os establecidos no artigo 4 da Orde de 15 de xullo de 2015.

Igualdade de Xénero.

A igualdade de dereitos e oportunidades entre as mulleres e os homes, así como a perspectiva de xénero, deben integrarse en todas as etapas do sistema educativo coa finalidade de promover os valores necesarios para o exercicio dunha cidadanía democrática e para construír unha sociedade máis xusta e igualitaria.

A pesar de que nas últimas décadas se produciron importantes avances na eliminación das desigualdades por razón de xénero, aínda se identifican en multitude de ámbitos mostras preocupantes de que non se acadou unha igualdade real e efectiva entre mulleres e homes. Moitas destas mostras reproducense tamén entre o alumnado máis novo, de aí que sexa necesario integrar de maneira decidida a perspectiva de xénero, isto é, un enfoque que teña en consideración as diferenzas que existen entre mulleres e homes en distintas actividades ou ámbitos da vida co obxectivo de acadar a plena igualdade.

A educación constitúe un instrumento fundamental para mudar esta situación de desigualdade. Con esta materia preténdese concienciar o alumnado para que actúe de xeito crítico ante as situacións de desigualdade que percibe, no seu contorno e fóra del, e para que recoñeza as relacións interpersoais e sociais desde a natural diversidade de xénero, sexo e orientación sexual como parte dunha realidade plural e enriquecedora, onde non hai lugar para discriminacións ou exclusións de ningún tipo.

A diversificación formativa e profesional, así como a toma de decisións libres de estereotipos de xénero resultan imprescindibles para contribuír a este cambio social e para non perpetuar os mecanismos de selección educativos e profesionais baseados no xénero.

Por outra parte, na escola seguen a invisibilizarse, en moitos casos, as achegas das mulleres nos distintos campos do saber, o que fai que os referentes sigan a ser os valores predominantemente masculinos que dan continuidade a roles diferenciados en función do seu xénero.

A materia estrutúrase en catro bloques diferenciados. O primeiro deles, denominado “A construción social das identidades sexuais e de xénero”, introduce os conceptos principais sobre xénero e igualdade relacionándoos coa realidade escolar, familiar e social, tratando de que poidan ser identificables nestes ámbitos polo alumnado. O obxectivo xeral consiste en iniciar unha toma de conciencia e reflexión sobre a situación da desigualdade, que será o desencadeante de situacións de discriminación, marxinalidade e violencia.

No segundo bloque, denominado “Relacións de xénero e afectividade”, trabállase a necesidade de abordar a convivencia e a relación entre os sexos, de reflexionar sobre a interdependencia entre os distintos xéneros e as relacións de afectividade e sexualidade. Segundo os modelos, os referentes ou os enfoques educativos que orienten a nosa aprendizaxe, a expresión da afectividade pode ser diversa; esta realidade debe ser necesariamente plural entre a mocidade. Abordar a convivencia e o desenvolvemento da sexualidade, a expresión e xestión da emocionalidade e dos afectos supoñerá participar e colaborar activamente nun dos obxectivos fundamentais da educación, como é que cada alumno e alumna adquiera un coñecemento da propia identidade e unha imaxe das demais persoas libre de estereotipos, que saiba aceptarse e expresarse axeitadamente e con respecto nos afectos e nas súas relacións persoais e co outro sexo.

No terceiro bloque, “Da discriminación á igualdade de oportunidades”, trabállanse as dificultades das mulleres para visibilizarse e acadar o que xa moito antes conseguiron os homes (por exemplo, as loitas polo sufraxio, o dereito á educación, os postos de responsabilidade pública ou o acceso ao poder político, social e económico). O alumnado debe coñecer que as mulleres foron e seguen a ser discriminadas nos ámbitos público e privado (mercado laboral, salarios, tarefas domésticas, linguaxe...). Ademais, tamén debe ser consciente da súa invisibilidade no transcurso da historia, recollendo información sobre algunhas das mulleres esquecidas nos distintos ámbitos do saber e esferas sociais, tanto na antigüidade como no mundo contemporáneo.

O cuarto bloque, “Cara a unha sociedade sen violencia machista” pretende, en primeiro lugar, describir e poñer de relevo como as violencias machistas son consecuencia das múltiples discriminacións por cuestión de xénero. Explicaranse mediante exemplos as distintas tipoloxías de violencia, procurando facer ver que a de dominio (física e emocional) é o cumio do iceberg máis perceptible da violencia machista. Visionarase a escaleira da violencia e valoraranse negativamente certas actitudes dentro da parella, algunhas naturalizadas e interiorizadas como probas de amor (control, celos...), aínda que acotío actúan de síntoma anticipatorio de condutas agresivas con consecuencias moi graves.

A amplitude e diversidade dos contidos propostos nesta materia, así como o seu carácter multidisciplinar, deixan aberto ao profesorado diferentes posibilidades de organización, secuenciación e concreción. A estruturación dos contidos que figuran nesta proposta non implica un tratamento diferenciado e separado, senón que todos os contidos deben traballarse de xeito progresivo e interrelacionado, o que é recomendable dende unha perspectiva metodolóxica. En todos os bloques resulta fundamental a motivación do alumnado para participar activamente nas tarefas e nos debates propostos, favorecendo o intercambio de ideas que conduzan a valorar positivamente a contribución persoal na construción dunha sociedade máis xusta.

Por outra parte, considérase imprescindible o fomento dun clima de confianza na aula, adecuado para a transmisión sincera de opinións e valoracións. Esta construción dunha convivencia positiva no espazo escolar permitirá a abordaxe desta materia de maneira integral, polo tanto, implica tamén o tratamento da educación emocional, das habilidades sociais e comunicativas e de todos aqueles elementos necesarios para saber convivir e relacionarse.

Tamén resultaría motivador para o alumnado, nalgún momento do curso académico, un traballo orientado á obtención dun produto final real (folleto, cartel, vídeo...) onde se integrasen as aprendizaxes, competencias, habilidades e actitudes adquiridas durante o curso.

Ademais resultaría de proveito que nalgúns dos contidos que se traten (linguaxe inclusiva, visibilidade das mulleres...), se colabore con outros departamentos didácticos e/ou servizos do centro, como por exemplo o departamento de Orientación ou o servizo de Mediación, no caso de que exista. Isto sería positivo, tanto para o alumnado como para o profesorado, pola optimización do tempo na explicación básica dos contidos así como para o rendemento do alumnado.

O camiño para avanzar cara á igualdade é a educación. O respecto, a liberdade e a igualdade son tres dos piares básicos. Desde as aulas podemos ensinar aos nenos e nenas a ter unha visión do mundo e das relacións entre xéneros, libre de prexuízos e estereotipos, construíndo unha sociedade igualitaria entre mulleres e homes.

II. a) OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais e resolver pacificamente os conflitos, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, incorporar novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e na galega, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio, e contribuír así á súa conservación e mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

b) OBXECTIVOS DA ÁREA

1. Expresar o significado da personalidade, describindo as virtudes e os valores éticos que fortalecen o carácter e axudan a actuar sobre a base da razón e da liberdade.
2. Tomar conciencia da importancia que teñen o desenvolvemento da autonomía e o control da conduta no crecemento moral da persoa cara á vida adulta.
3. Desenvolver certas habilidades sociais e técnicas de comunicación para dominar formas e xestos habituais que favorezan tanto as relacións interpersoais como o respecto á dignidade e aos dereitos das persoas.
4. Identificar as aptitudes que posúe o ser humano para construír un autoconcepto positivo e potenciar a súa autoestima.
5. Valorar a importancia das habilidades emocionais, sociais e asertivas, co fin de moldear a personalidade a través de valores e virtudes éticos que favorezan as relacións interpersoais positivas e respectuosas, asegurando así unha vida en sociedade máis xusta e enriquecedora.
6. Entender a influencia das virtudes e dos valores éticos no establecemento respectuoso e comprensivo de relacións interpersoais, así como no exercicio da liberdade individual e social.
7. Identificar a liberdade como base que sostén a moral da persoa e a intelixencia, a vontade e as normas éticas como medios que rexen a súa conduta.
8. Sinalar os límites entre a liberdade persoal e a social, marcados pola ética e os dereitos humanos.
9. Recoñecer a vida privada e pública das persoas para trazar os límites da liberdade individual e social.
10. Asumir que a liberdade e a xustiza conforman a base moral do ser humano, valorando a vontade e a razón como elementos que incrementan a súa independencia e autonomía na sociedade.
11. Concienciar o alumnado para que actúe de xeito crítico ante as situacións de desigualdade que percibe, no seu contorno e fóra del, e para que recoñeza as relacións interpersoais e sociais desde a natural diversidade de xénero, sexo e orientación sexual como parte dunha realidade plural e enriquecedora, onde non hai lugar para discriminacións ou exclusións de ningún tipo.
12. Tomar decisións libres de estereotipos de xénero imprescindibles para contribuír ao cambio social para non perpetuar os mecanismos de selección educativos e profesionais baseados no xénero.
13. Visibilizar as achegas das mulleres nos distintos campos do saber, para que os referentes non sigan a ser os valores predominantemente masculinos que dan continuidade a roles diferenciados en función do seu xénero.
14. Iniciar unha toma de conciencia e reflexión sobre a situación da desigualdade, desencadeante de situacións de discriminación, marxinalidade e violencia.
15. Coñecer o panorama actual respecto ao exercicio dos dereitos da muller e da infancia en gran parte do mundo, coñecendo as causas da situación e tomando conciencia delas, co fin de promover a súa solución.
16. Reflexionar sobre a interdependencia entre os distintos xéneros e as relacións de afectividade e sexualidade.
17. Abordar a convivencia e o desenvolvemento da sexualidade, a expresión e xestión da emocionalidade e dos afectos.

18. Adquirir un coñecemento da propia identidade e unha imaxe das demais persoas libre de estereotipos.
19. Aceptarse e expresarse axeitadamente e con respecto nos afectos e nas súas relacións persoais e co outro sexo.
20. Coñecer que as mulleres foron e seguen a ser discriminadas nos ámbitos público e privado.
21. Ser consciente da invisibilidade da muller no transcurso da historia.
22. Describir e poñer de relevo como as violencias machistas son consecuencia das múltiples discriminacións por cuestión de xénero.
23. Participar activamente nas tarefas e nos debates propostos, favorecendo o intercambio de ideas que conduzan a valorar positivamente a contribución persoal na construción dunha sociedade máis xusta.
24. Promover unha visión do mundo e das relacións entre xéneros, libre de prexuizos e estereotipos, construíndo unha sociedade igualitaria entre mulleres e homes.

III. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

A materia de Igualdade relaciónase directamente coa **competencia social e cívica**, que esixe facer fronte a un desafío como é a igualdade entre os sexos e a non discriminación.

Contribúe a reforzar a autonomía, a autoestima e a identidade persoal, favorece o desenvolvemento de habilidades que permiten participar, tomar decisións, elixir a forma axeitada de comportarse en determinadas situacións e responsabilizarse das decisións adoptadas e das consecuencias derivadas destas. Tamén contribúe a mellorar as relacións interpersoais xa que traballa as habilidades encamiñadas a lograr a toma de conciencia dos propios pensamentos, valores, sentimentos e accións.

Contribúe ao desenvolvemento da **competencia de aprender a aprender**, fomentando o estímulo das habilidades sociais, o impulso do traballo en equipo, a participación e o uso sistemático da argumentación, a síntese das ideas propias e alleas, a confrontación ordenada e crítica do coñecemento, a información e a opinión.

Desenvolve a **competencia clave de sentido da iniciativa e espírito emprendedor**, porque se traballan iniciativas de planificación, toma de decisións, participación e asunción de responsabilidades. Aténdese especialmente á argumentación, á construción dun pensamento propio, ao estudo de casos que supoñan unha toma de postura sobre o problema e as posibles solucións.

O uso sistemático do debate contribúe á **competencia lingüística**, porque esixe exercitarse na escoita, na exposición e na argumentación. Por outra banda, a comunicación de sentimentos, ideas e opinións, imprescindibles para lograr os obxectivos da materia, ao empregar tanto a linguaxe verbal como a escrita, a valoración crítica das mensaxes explícitas e implícitas en fontes diversas e, particularmente, na publicidade e nos medios de comunicación tamén axudan á adquisición da competencia. Finalmente, o coñecemento e o uso de termos e conceptos propios da análise do social fan posible a ampliación do vocabulario.

A necesidade de buscar, obter, analizar, sintetizar e relacionar a información procedente de distintas fontes, comprendela e integrala para producir coñecemento, comunicala, facer inferencias e deducións son procedementos que contribúen tamén a desenvolver a competencia tratamento da información e **competencia dixital**.

Tamén mellora a **competencia da conciencia e expresións culturais**, o desenvolvemento de habilidades sociais para a convivencia nunha sociedade plural, esixe ser quen de apreciar o feito cultural nas súas diversas manifestacións.

Finalmente, ser conscientes da importancia do uso responsable dos recursos naturais, da necesidade de preservar o ambiente, potenciar o consumo responsable e unha forma de vida saudable, son contidos con que desde a materia é posible contribuír tamén ao desenvolvemento da **competencia matemática, científica e tecnolóxica**.

IV. ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.

Os contidos da área de Igualdade de Xénero agrúpanse en catro bloques e ligados a eles propóñense os obxectivos, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliable que forman parte dos perfís competenciais..

O alumnado deberá adquirir uns coñecementos e unhas destrezas básicas que lle permitan mellorar a súa autonomía, priorizar os seus valores e prepararse para converterse no principal axente do seu propio desenvolvemento.

a) Temporalización

No cadro márcase a temporalización dos estándares. Tense en conta que pola característica dos contidos e estándares non se pode marcar unha temporalización inflexible. Ao longo do curso traballaranse calquera deles, os valores de igualdade non poden verse como compartimentos estancos.

b) Grao mínimo de consecución para superar a materia

Ao rematar o curso, o alumnado debe demostrar ter acadado, ao menos, todos aqueles estándares que identificamos como mínimos nos cadros de avaliación (marcados en negriña) para lograr unha nota final igual a 5 (Aprobado). Así mesmo, se o alumnado demostra ter acadado algún, ou todos os restantes estándares de aprendizaxe non marcados como mínimos nos devanditos cadros a súa cualificación incrementarase gradualmente ata poder alcanzar unha nota final de 10.+

c) Procedementos e instrumentos de avaliación.

Procedementos de avaliación:

Tendo en conta o principio de atención á diversidade do alumnado (en capacidade, intereses, motivación etc.), na avaliación usaranse unha pluralidade de métodos e de instrumentos. Entre estes instrumentos podemos citar os seguintes:

1. A **observación sistemática da vida da aula**, valorando o grao de participación, o esforzo realizado, o interese e implicación nas tarefas diarias, os intercambios e intervencións orais, as exposicións de informacións específicas etc.
2. O **caderno de aula**: nel aparecen reflectidas actividades diversas, como comentarios de textos, vocabulario, sínteses etc.
3. **Traballos monográficos**, elaborados a nivel individual ou grupal, así como lecturas de libros relacionados coa materia. O manexo de fontes de información diversas valoraranse especialmente.

4. A **autoavaliación** razoada, encamiñada a autorregular a propia aprendizaxe con responsabilidade e autonomía. A autoavaliación, ademais de fomentar a autoestima do alumnado, pode achegar unha valiosa información sobre as expectativas de éxito ou fracaso. Compromete ademais, democraticamente, ao alumnado na valoración da propia aprendizaxe e na toma de decisións.

5. **Test** aos que hai que darlle sempre un sentido educativo. Estes poden tamén someterse á autocorrección do propio alumnado. Tomando consciencia dos acertos e aprendendo dos erros cometidos, poderán mellorar o proceso de aprendizaxe. En conclusión, a forma de avaliar esixe establecer na aula un clima de comunicación fluída entre profesorado e alumnado.

Igualdade de xénero. 1º-2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competenci as clave
Bloque 1. A construción social das identidades sexuais e de xénero:impartirase no primeiro trimestre, ata mediados de novembro.				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ g ▪ l ▪ m 	j) B1.1. Sociedade e xénero. Diferenza entre sexo e xénero. k) B1.2. Igualdade formal e igualdade real. l) B1.3. Feminismo e machismo. m)B1.4. Sexismo, roles de xénero e estereotipos.	o) B1.1. Comprender os conceptos básicos do ámbito da igualdade aplicándoos á vida real.	2 IGUB1.1.1. Observa as diferenzas nas escollos entre mulleres e homes en situacións reais no ámbito do lecer (xogo, deporte...). 18. IGUB1.1.2. Analiza as causas que determinan as escollos das mulleres e dos homes. 4. IGUB1.1.3. Valora a igualdade na toma de decisións e rexeita estereotipos e prexuízos sexistas.	2. CCEC 3. CSC 25. CC EC 26. CS C
Á a Á c Á d Á g Á l Á m	4. B1.5. O proceso de socialización. Interiorización dos roles de xénero. 5. B1.6. A construción das identidades sexuais e de xénero na adolescencia. Consecuencias no proxecto vital.	1. B1.2.Comprender o proceso de socialización na construción das identidades de xénero.	- IGUB1.2.1. Compara os modelos de comportamento que representan homes e mulleres no seu contorno (familia, escola, amizades...) e analiza como inflúen no proxecto de vida.	- CAA - CCEC - CSC
Á o				
Á a Á c Á d Á g Á h	<ul style="list-style-type: none"> • B1.7. Estereotipos de masculinidade, feminidade, maternidade e paternidade. Diversidade de modelos familiares. • B1.8. Os axentes de socialización na transmisión de estereotipos e prexuízos 	- B1.3. Analizar tipos de familias do contorno máis próximo, rexeitar situacións de discriminación e desigualdade e identificar a influencia dos diversos axentes de socialización (TV, prensa, noticias en internet...).	<ul style="list-style-type: none"> ▪ IGUB1.3.1. Identifica distintos modelos de familias e recoñece estereotipos na sociedade poñendo exemplos tirados de distintos ámbitos (familia, escola, amizade, medios de comunicación...). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CSC

Igualdade de xénero. 1º-2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Á l Á m Á o	sexistas.		<ul style="list-style-type: none"> IGUB1.3.2. Participa, de maneira activa, nos diálogos propostos na clase, respectando as normas de interacción, intervención e cortesía e realiza produtos (textuais, gráficos e audiovisuais) cooperando con actitudes igualitarias. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD CAA CSIEE CCEC CSC
Bloque 2. Relacións de xénero e afectividade: imparrirase no 1º e 2º trimestre, ata principios de febrero.				
<ul style="list-style-type: none"> a c d g h l m 	<ul style="list-style-type: none"> B.2.1. As relacións entre sexos: expresión das emocións e dos afectos. B.2.2 Atracción, mitos e modelos de amor. B.2.3. As relacións de parella e relacións de poder. B.2.4. Outras alternativas: novas masculinidades e feminidades. Deconstrución de rolas. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Recoñecer situacións de desigualdade na expresión das emocións e dos afectos e propoñer alternativas dende o respecto. 	<ul style="list-style-type: none"> IGUB2.1.1. Nomea distintos estados emocionais e pon exemplos en situacións reais ou simuladas de relacións afectivas con trazos negativos ou de dependencia. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC
			<ul style="list-style-type: none"> IGUB2.1.2. Distingue distintos tipos de relacións afectivas entre persoas (amizade, atracción, relación de parella) a partir de situacións dadas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC
			<ul style="list-style-type: none"> IGUB2.1.3. Identifica modelos de relación tradicionais de parella a partir de exemplos reais que propoñan ou situacións simuladas. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CSC
			<ul style="list-style-type: none"> IGUB2.1.4. Compara distintos modelos de relacións, a partir de diferentes produtos audiovisuais (curtas, series de TV, música...), identifica os seus condicionamentos e valora a diversidade. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CSC
<ul style="list-style-type: none"> a b c d g h l m 	<ul style="list-style-type: none"> B2.5. A construción social da sexualidade dende a perspectiva de xénero. B2.6. As relacións afectivas e sexuais: o papel do home e da muller na sexualidade dominante. B2.7. Orientacións e identidades na sexualidade: construción social dende estereotipos de xénero. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.2. Recoñecer a sexualidade e a súa construción como un proceso persoal e vital e rexeitar condicionamentos non igualitarios na súa expresión e desenvolvemento respecto do modelo dominante. 	<ul style="list-style-type: none"> IGUB2.2.1. Identifica e diferencia distintos ámbitos da sexualidade a partir de exemplos reais ou simulados axeitados para a súa etapa evolutiva, recoñecendo estereotipos culturais e posibles desigualdades. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC
			<ul style="list-style-type: none"> IGUB2.2.2. Compara os rolos do home e da muller nas relacións afectivas e sexuais no modelo dominante a través de imaxes ou vídeos propostos. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CSC

Igualdade de xénero. 1º-2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competenci as clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ g ▪ h ▪ l ▪ m ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. O trato igualitario nas relacións afectivas e sexuais. ▪ B2.9. Respecto e comprensión nas relacións afectivas entre os sexos. ▪ B2.10. Estratexias de análise e resolución de conflitos. ▪ B2.11. Novas maneiras de relacionarse: oportunidades e riscos para a igualdade no mundo dixital. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Comprender e valorar novas maneiras de relacionarse e de convivir dende o trato igualitario e positivo e transferir as estratexias e aprendizaxes á propia realidade persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ IGUB2.3.1. Identifica condutas e estratexias de respecto e comprensión nas relacións afectivas e sexuais a partir de casos prácticos ou debates. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ IGUB2.3.2. Procura fórmulas para resolver os conflitos a través da escoita activa, a asertividade, a empatía e o diálogo construtivo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ IGUB2.3.3. Identifica as posibilidades que ofrecen as TIC como medio de comunicación e interacción entre iguais a través de exemplos comúns e utilízalas sen incorrer en desigualdades nin riscos para a propia integridade e a dos demais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ IGUB2.3.4. Participa de maneira activa nos diálogos propostos na clase, respectando as normas de interacción, intervención e cortesía e realiza produtos (textuais, gráficos e audiovisuais) cooperando de xeito igualitario. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CSC
Bloque 3. Da discriminación á igualdade de oportunidades: impartirase desde febrero ata mediados de abril.				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ e ▪ g ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Dereitos humanos e igualdade. ▪ A evolución e a conquista dos dereitos. ▪ B3.2. O principio de igualdade e non discriminación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Coñecer os dereitos humanos fundamentais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ IGUB3.1.1. Identifica fitos na consecución de dereitos ao longo da historia da humanidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Extraer conclusións sobre a diferente participación de homes e mulleres nos distintos ámbitos sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ IGUB3.2.1. Compara a adquisición dos dereitos por parte das mulleres e dos homes e reconece as situacións discriminatorias que dan lugar á vulneración de dereitos humanos a través de exemplos concretos: dereito ao voto, á educación, á representación pública... 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC

Igualdade de xénero. 1º-2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ g ▪ h ▪ l ▪ m ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Evidencias da discriminación das mulleres nos ámbitos público e privado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Identificar a participación de mulleres e homes nos ámbitos público e privado, recoñecendo a diversidade de situacións discriminatorias cara ás mulleres e analizando as consecuencias negativas para o desenvolvemento da autonomía persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ IGUB3.3.1. Busca e selecciona mostras da desigualdade por razón de sexo e xénero a través de diferentes exemplos: na división sexual do traballo, acceso ao mundo laboral, salarios, masculinización e feminización dos perfís profesionais, corresponsabilidade no ámbito doméstico, uso desigual dos espazos e aproveitamento dos tempos de ocio, uso das novas tecnoloxías, feminización da pobreza... 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CAA ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ IGUB3.3.2. Valora os dereitos acadados para o desenvolvemento e a autonomía persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ IGUB3.3.3. Participa de maneira activa nos diálogos propostos na clase, respectando as normas de interacción, intervención e cortesía e realiza produtos (textuais, gráficos e audiovisuais) cooperando con actitudes igualitarias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ g ▪ h ▪ l ▪ m ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Visibilidade das mulleres nos distintos eidos (historia, cultura, ciencia...) e recoñecemento da súa contribución en diversas esferas sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Coñecer e valorar o papel das mulleres ao longo da historia e no tempo contemporáneo, así como o proceso de ocultación sufrida. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ IGUB3.4.1. Consulta e utiliza, de forma autónoma, fontes de información básicas (dixitais e outras) para a realización de traballos sinxelos sobre o labor de mulleres representativas nalgúns dos campos do coñecemento, da realización persoal, do lecer... 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. A linguaxe inclusiva dende a perspectiva de xénero. Criterios de uso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Coñecer e aplicar os mecanismos de uso da linguaxe inclusiva. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ IGUB3.5.1. Identifica os recursos lingüísticos que contribúen a visibilizar as mulleres no discurso a través do uso dunha linguaxe inclusiva. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC

Igualdade de xénero. 1º-2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competenci as clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ h ▪ l ▪ m ▪ o 			<ul style="list-style-type: none"> ▪ IGUB3.5.2. Incorpora, de xeito gradual, a linguaxe inclusiva nas súas intervencións orais e producións escritas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ e ▪ g ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Alternativas para acadar a igualdade real de mulleres e homes (políticas sociais, cambio xeracional, cambio persoal...). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Incorporar as principais aprendizaxes á realidade persoal e social. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ IGUB3.6.1. Identifica actitudes positivas propias ou no seu contorno situacións de cambio que condúzan á igualdade entre os sexos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ IGUB3.6.2. Realiza propostas para conseguir a ampliación de dereitos e acadar así a igualdade real e efectiva, así como a visibilidade social da muller. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CSC
Bloque 4. Cara a unha sociedade sen violencia machista: impartirase desde mediados de abril ata mediados de xuño.				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ e ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. A violencia machista como consecuencia da desigualdade. A escalada da violencia machista: dende o micromachismo á agresión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Comprender que as distintas desigualdades derivan en discriminacións e violencias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ IGUB4.1.1. Identifica e xerarquiza feitos, actitudes e comportamentos discriminatorios e relacións coa violencia machista. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ e ▪ g ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Identificación e recoñecemento de distintos tipos de violencia machista. As consecuencias nas persoas que a sofren. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Identificar, recoñecer e analizar as consecuencias dos distintos tipos de violencia machista. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ IGUB4.2.1. Identifica algúns tipos de violencia a partir de exemplos diversos e clasifícaos (violencia psicolóxica, física...). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ IGUB4.2.2. Recoñece o ciclo da violencia a partir de situacións de agresións propostas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Sinais de alerta na mocidade. Detección e prevención de condutas violentas en relación co xénero. ▪ B4.4. Rexeitamento das condutas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Identificar os diversos sinais de alerta para detectar e prever a violencia machista nas relacións interpersoais propias e/ou do seu contorno. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ IGUB4.3.1. Recoñece os sinais de alerta que permiten distinguir un caso de violencia machista, identifícaos en casos prácticos e denuncia as condutas violentas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CSC

Igualdade de xénero. 1º-2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ g ▪ h ▪ l ▪ m ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ violentas por razón de xénero. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ IGUB4.3.2. Participa, de maneira activa, nos diálogos propostos na clase, respectando as normas de interacción, intervención e cortesía e realiza produtos (textuais, gráficos e audiovisuais) cooperando con actitudes igualitarias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ g ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. A trata de persoas e a escravitude sexual como forma de violencia contra as mulleres. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Buscar exemplos da trata de mulleres e nenas en distintos medios audiovisuais e escritos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ IGUB4.4.1. Busca exemplos da trata de persoas e da escravitude sexual nos medios de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ g ▪ h ▪ l ▪ m ▪ n ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.6. Solucións para saír da espiral da violencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Demostrar solidariedade con todas as vítimas da violencia machista. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ IGUB4.5.1. Realiza un produto (cartel, folleto, presentación, artigo xornalístico, blog...) que expoña de xeito sinxelo e positivo mensaxes e propostas de solución para afrontar as situacións de violencia machista. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ IGUB4.5.2. Incorpora, de xeito gradual, a linguaxe inclusiva nas súas intervencións orais e producións escritas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL

V. CRITERIOS METODOLÓXICOS E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS XERAIS PARA UTILIZAR NA ÁREA.

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e o alumno ou alumna adquire un maior grao de protagonismo.

Os alumnos e as alumnas deben desenvolver nesta etapa un pensamento e unha actitude críticos que se sustenten en valores morais e éticos recoñecidos. Por iso, farase fincapé na necesidade de analizar, formular e dar solucións ao problema da desigualdade cun fondo ético.

Desde esta perspectiva, a liña metodolóxica que rexerá a acción docente nesta área desenvolverase a través de métodos activos, indutivos e mixtos; é dicir, métodos eminentemente participativos onde se alterna o traballo individual co traballo en grupo.

A aplicación dos devanditos métodos leva implícita a utilización de estilos de ensino socializadores e creativos para conseguir que os seus xuízos e eleccións dirixan a súa conduta e as súas relacións sociais cara ao benestar común.

Á súa vez, a transmisión do coñecemento das características que conforman a imaxe persoal farase a partir de aprendizaxes baseadas na experiencia, onde o alumnado percibe a información a través das súas propias experiencias e respectando sempre o desenvolvemento dos seus diversos estilos de aprendizaxe. Tamén se combinarán técnicas como o ensino recíproco, a discusión guiada con técnicas de visualización, de *role play*.

Fundamentalmente será unha metodoloxía activa e interactiva. Primarán aqueles procedementos que faciliten o diálogo entre iguais e que procuren a detección, crítica e rexeitamento de estereotipos e prexuizos sexistas, valorando positivamente os cambios sociais e/ou persoais que favorezan a igualdade entre as persoas. Procurarase que os alumnos e alumnas sexan protagonistas da construción da súa aprendizaxe e experimenten e desenvolvan a súa autonomía cognitiva, afectiva e moral. Utilizaranse técnicas metodolóxicas lúdicas para producir unha aprendizaxe vivencial, tanto de forma colectiva como individual. Fomentarase o traballo en equipo, utilizando técnicas de aprendizaxe cooperativo e todas aquelas formas de organizar a aprendizaxe que fomenten actitudes como a cooperación e a solidariedade.

VI. RECURSOS DIDÁCTICOS.

A continuación menciónanse os instrumentos que teñen unha especial relevancia nesta proposta metodolóxica:

1. O uso de secuencias cinematográficas como textos culturais

O cine forma parte do noso imaxinario colectivo e, por iso, ofrece unha oportunidade case única para a análise das formas de representación do mundo social no que vivimos. Optamos por un uso do cine, non meramente instrumental, senón tamén crítico e conformador das nosas representacións. O cine debe producir espazos e tempos escolares onde se xere a reflexión e a polémica.

O obxectivo central das actividades con secuencias cinematográficas é darlle ao alumnado a posibilidade de reflexionar sobre as súas ideas acerca de si mesmo e do mundo en que vive, de xeito que a secuencia sirva para que nos situemos no tema e poida producir marcos valorativos .

A natureza das actividades esixe que se deixe sentir a voz do alumnado, creando unha comunidade de diálogo que estimule a capacidade de elaborar respostas ante os conflitos sociais que producen desigualdade..

2. A análise dos textos publicitarios

A publicidade é unha forma de ordenar signos visuais e códigos lingüísticos co obxecto de apoiar a venda dun produto. Combinando recursos formais e de contido dun xeito creativo, prodúcese unha nova canle de comunicación cunhas características propias. . A combinación e a estrutura

formal da linguaxe publicitaria posibilita unha mensaxe que transmite non só o mundo real, senón un universo de simbolizacións que conforman e estruturan a mesma realidade do suxeito, que interesa pola transmisión de “contravalores” con frecuencia sexistas.

3. O uso do cómic como texto alternativo

O «cómic» (banda deseñada, tira debuxada, narración gráfica...) é unha das novas formas de comunicación de masas. Utiliza a prensa diaria, os cadernos de historietas, os libros..., formas de difusión, todas elas, que permiten a multiplicación numerosa do orixinal e, polo tanto, a facilidade na posta a disposición do público.

Como calquera outro medio de comunicación non está illado do conxunto da cultura nin das demais formas artísticas. As relacións entre cómic e literatura, pintura ou cine, son moi importantes. Como todas estas manifestacións culturais, achega unha vantaxe para a comunicación: unha linguaxe fácil e común para todas as persoas. A diferenza doutras artes máis elitistas, ten implicacións sociais moi fortes, é un vehículo de transmisión de significados, pero tamén de valores, normas e visións do mundo., para que o alumnado aprenda a maneira correcta de ollar unha viñeta, e reflexionar sobre os contidos implícitos que se agachan nela.

6. O uso da prensa como texto alternativo. O obxectivo é a análise e reflexión de noticias relacionadas cos contidos propostos nesta programación.

7. O uso de letras de cancións tanto sexistas como reivindicativas da igualdade para concienciar ao alumnado e fomentar unha visión crítica do ámbito lúdico.

8. O uso da lectura coeducativa. O obxectivo é analizar o uso da linguaxe nos contextos educativos, desde unha perspectiva de xénero, propoñendo estratexias para a súa mellora.

VII. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.

A avaliación

Nunha materia como esta, a avaliación adquire un compromiso fundamental, o de manter uns valores nos que se pretende educar. Dende o noso enfoque educativo, entendemos que a avaliación non é simplemente unha acción técnica enfocada a medir os resultados. É máis ben, e sobre todo, unha acción práctica que ten implicacións éticas, porque supón un compromiso con determinados valores que se realizan no propio proceso educativo.

A **avaliación continua** ten que entenderse como diagnóstico permanente de progresos e de dificultades durante o proceso, como seguimento do traballo diario, tratando de (re)axustar a axuda pedagóxica ás diversas necesidades do alumnado. A avaliación ten que referirse aos hábitos, procedementos e valores que se propoñen ao alumnado. O obxectivo xeral da materia é conseguir a competencia social e cívica, isto é, a capacidade de vivir en sociedade, de interaccionar cos demais membros da sociedade en igualdade. Esa participación debe comezar polos contextos máis próximos: o propio proceso de aprendizaxe, a vida familiar, a vida na aula, no centro...

Para facer unha avaliación deberemos transmitir con ela os valores que se defenden na aprendizaxe da materia. Se queremos transmitir os valores de responsabilidade e autonomía, non podemos excluír o propio alumno ou alumna do proceso de avaliación. Unha avaliación democrática dálles voz aos participantes, aos protagonistas do proceso de aprendizaxe. Por iso cómpre acordar co alumnado os propios criterios e formas de avaliación. A avaliación terá en conta os seguintes aspectos e criterios:

2. Recoller e analizar información sobre os procesos de formación e evolución dos valores da igualdade, tanto no plano social e histórico como no psicolóxico e persoal. Con este criterio preténdese que o alumnado adquira o xuízo crítico necesario para ser partícipe dos valores e normas morais vixentes na nosa sociedade.

3. Participar con madurez en debates e discusións de conflitos, utilizando a argumentación e excluindo comportamentos violentos, compulsivos ou con faltas de respecto aos demais suxeitos do debate. Con este criterio preténdese avaliar o seu progreso na adquisición das habilidades de expresión dos propios valores, pensamentos, sentimentos e accións, clave na xestión das relacións interpersoais. Ademais desenvolverase tamén a adquisición dunha conciencia crítica e autónoma, así como sentimentos de empatía e tolerancia.
4. Ler e analizar textos en calquera formato. Con este criterio avaliarase os progresos nas capacidades lingüísticas do alumnado, ás súas habilidades para identificar, valorar e incorporar os propios pensamentos e valores á lectura dun texto.
5. Analizar datos e documentación de diferente tipo (informes, vídeos, prensa...) que conteñan información relevante sobre os problemas da desigualdade aos que se enfronta a nosa sociedade. Con este criterio preténdese avaliar os coñecementos sobre a sociedade actual nas súas distintas facetas, así como o desenvolvemento da súa predisposición á cooperación na construción dunha sociedade xusta e solidaria.
6. As actitudes que mostre no transcurso da actividade da clase e que poidan ser coherentes ou non co que manifeste oralmente ou por escrito.

Os criterios de cualificación específicos da materia teñen como base os seguintes instrumentos de avaliación:

- Control da asistencia a clase.
 - Participación activa en clase.
 - Realización das tarefas propostas para clase ou para casa.
 - Participación nas actividades organizadas e realización das tarefas correspondentes con anterioridade e posterioridade á actividade.
 - Presentación dos traballos a realizar, ben sexa de forma individual ou en equipo. Estes traballos poderán ser de distinto tipo: en soporte papel, en soporte dixital (blog, PowerPoint), murais, dramatizacións, presentacións orais, en vídeo, etc.
 - Seguimento do caderno de traballo.
 - A autoavaliación e reflexión sobre o aprendido que recollerá o alumnado no seu caderno ao final de cada trimestre.
- Actitude positiva e comportamento de respecto cara aos demais, comprobados e demostrados ao longo do curso.

A distribución da porcentaxe da nota final será:

- **Procedementos (exercicios, traballos, exposicións orais): 50%**
- **Actitudes (participación, interese, asistencia a clase, presentación das tarefas): 50%**

VIII. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS A ADOPTAR SEGUNDO OS SEUS RESULTADOS.

Descrición do grupo despois da avaliación inicial

Á hora de formular as medidas de atención á diversidade e inclusión debemos solicitar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo debe coñecerse a relativa a:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puidesen identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (*planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.*).

- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

Necesidades individuais

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que se van adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada unha das persoas.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos do alumnado.
- Fixar a maneira en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co profesorado tutor.

IX. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E INCLUSIÓN.

Os materiais que presentaremos, pola súa propia natureza e metodoloxía, son susceptibles de ter un tratamento diversificado. As actividades que se propoñen teñen alternativas na imaxe ou nos textos e poden (e deben) relacionarse con situación concretas do alumnado. Como queira que o punto de partida é sempre a situación concreta e vivencial do alumno ou alumna, será este o que marque o punto de partida e o enfoque de cada unidade.

X. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

O tratamento da imaxe no texto constituirá o material de reflexión nas temáticas transversais: problemática de xénero e educación para a paz e a convivencia:

- Imaxes de conflitos familiares.
- Imaxes que representan diferentes tipos de códigos: viarios, relixiosos...
- Imaxes que representan diferentes condutas contrarias á convivencia.

A análise dos medios de comunicación de masas, fundamentalmente cine, videoxogos, prensa e internet, usarase para poñer énfase na variedade de problemas morais e na pluralidade da nosa sociedade, ao tempo que se fomenta a tolerancia, o respecto pola diversidade e os valores de equidade e xustiza social.

XI. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

As actividades que se poden realizar neste curso non están fixadas, polo que sempre que se coñezan propostas interesantes que afiancen o traballado na aula, intentaremos realizalas: obradoiros promovidos por asociacións que velan pola igualdade, asistencia a obras de teatro ou cinematográficas nas que se resalten os valores que se inculcan na aula.

Levarase a clase tamén a calquera persoa que mediante charla ou conferencia achegue ao alumnado a problemática da desigualdade e discriminación de xénero

Elaboración de materiais curriculares e dun “protocolo” onde se reflectan as normas que protexen e amparan os dereitos individuais, con independencia da idade, inclinación sexual, etc.

Lecturas dramatizadas, teatralizacións nas que se reflecta calquera situación, problemática que pertenza ao ámbito curricular da materia.

Alusións específicas nos días sinalados, o 25 de Novembro, o 8 de Marzo e algúns outros.

Tentaremos traballar con aqueles obradoiros que o soliciten a modo de talleres de traballo con diversas temáticas de reflexión sobre a Igualdade.

Con respecto ás actividades complementarias que se poden propoñer ao alumnado, convén reflexionar sobre estas cuestións:

- Consegúronse os obxectivos propostos a partir das actividades realizadas?
- Cal foi o resultado da realización das actividades?
- Cales delas gustaron máis?
- Que propostas de mellora podemos sinalar?

XII. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programacións didácticas. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual maneira, propoñemos o uso dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras no seguinte. A devandita ferramenta descríbese a continuación:

ASPECTOS QUE AVALIAR	PARA DESTACAR...	PARA MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			
Interdisciplinariedade			

XIII- VERIFICACIÓN DE CUMPRIMENTO CO ESTABLECIDO NO CURRÍCULO (VERIFICACIÓN DE IDONEIDADE).

Esta programación conta coa verificación conforme cumpre o currículo establecido no *Decreto* 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, tanto no artigo 13.3 e 13.4 como nos artigos 30.5 e 30.6, e 31.5 e 31.6, establecía a posibilidade de que a consellería con competencias en materia de educación ofrecía materias de libre configuración autonómica elixibles polos centros docentes no horario establecido de libre configuración. En virtude da citada habilitación normativa ditouse a Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establecía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes. E a resolución do 27-7-15 (DOG do 29), coas instrucións para a implantación no curso 2015-16 en 1º e 3º de ESO. E a resolución do 15 -7- 16 para segundo e cuarto.

Terase en conta o decreto 229/2011 en canto á atención á diversidade.

Á hora de avaliar seguirase a orde do 21 de decembro de 2007 (DOG 7 de xaneiro de 2008).

XIV- PROFESORA DO DEPARTAMENTO DE GALEGO QUE IMPARTE A MATERIA NO CURSO 2020-21.

Este curso académico a Materia de *Igualdade de Xénero* será impartida pola profesora Mª Gracia Santorum López.

Lalín, 18 de novembro de 2020